

# Algunhas isoglosas del conceyo da Veiga<sup>1</sup>

JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ VIOR

A xente de fora da franxa Navia–Eo, al chamárennos galegos, supóin que nesta zona dáse unha unidá ou, mejor dito, unha uniformidá que nosoutros tamos en muitos casos lonxe de reconocer.

Elos fainlo atendendo a algunas das señas más xenerales y conocidas, como poden ser: a falta de diptongos crecentes *ie*, *ue* (resultado del *e* ou del *o* abertas latinas), en casos como *dente*, *fonte*, *pedra*, *porta*, etc.; a pérdida del –n– entrevocálica, casos de *mazá*, *ventá*, *boa*, *brao*, *mao*, *ermao*<sup>2</sup>; y a abundancia de diptongos decrecientes, tales como *ei*, *oi*, *eu*, *ou* (*cerdeira*, *carreira*, *corredoira*, *masoiro*, *enchedoiro*, *perfeuto*, *morréu*, *cantóu*, *Louteiro*) —anque estes tamén se poden atopar nel asturiano na variante occidental—. Esta xente déixase levar sólo d'estes rasgos y paréceyos que todos falamos del mesmo xeito. Nun atenden a outros fenómenos que son os que marcan as diferencias d'unhos sitos a outros.

Pro a os que nacemos y nos criamos entre estos doux ríos, esas pequenas diferencias, qu'eles pasan por alto, témolas ben presentes y son as que coyemos pra localizar os falantes nun


<sup>1</sup>A denominación de *Vegadeo* con qu'hoi se conoce este conceyo é de fecha tardía, de 1892, ano en que foi creada pral arciprestazgo pol Obispo Martínez Vigil. Pro, como parece ser qu'era del gusto da xente, solicitouse tamén pral ayuntamento, petición que foi atendida y aprobada nel 1916. Antes conociase col nome de *Veiga de Ribadeo*, según reza nun artículo de J.L. Pérez de Castro (*BIDEA*, 87–88, p. 583).

<sup>2</sup>Anque reproduzo con unha *o* a vocal final, pode atoparse xente que, neste y noutrous casos, pronúnciala muito máis escura, case unha *u*.

sito ou noutro. Así nun é raro ouuir, por poñer un caso, a ún de Castropol “*non, ei por Bual y pola Caridá falan muito coel elle*”. Ás veces refírense a casos concretos sin saber sequera qu'ese caso responde a unha tendencia máis xeneral, como cuando dicen “*non, aquí dicimos mulieiro; muliñeiro é más pr'hacia A Veiga*”.

Se esto se pensa de toda unha zona como é a comprendida entre el Navia y el Eo, con máis razón se fai al refirirse a un conceyo concreto como pode ser el da Veiga.

É unha opinión estendida entre a xente del conceyo —outro tanto pasa nos conceyos vecíos—, qu'aquello é medio galego, un chapurreado, unha mezcolanza (según expresións que se poden ouuir cuando se pregunta pola fala local). El motivo nun é outro qu'el convencemento de qu'a súa fala é un coyer d'aquí y d'alí sin orden nin xeito: dicen *el neno, el carro, el horto, el veyo* (con un artículo masculino qu'eles reconocen como non galego), pro tamén dicen *a nena, a gadaña, a veyá* (con un artículo que xa coincide col galego); dicen *mulín*, como na mayor parte d'Asturias, pro falan del *muliñeiro*. Así pos nun son d'estrañar todas esas denominacións pouco positivas del sou modo de falar. Nun chegan a entender qu'esa impresión de mezcolanza, como eles dicen, vén motivada porque na súa zona morren ou nacen unha restra de fenómenos; noutras palabras, que por alí pasan unhos límites, unhas isoglosas, que dan pé a esa impresión.



Puntos d'encuestación nel conceyo da Veiga

- |                      |                    |                      |
|----------------------|--------------------|----------------------|
| 1. A Veiga           | 18. Besado         | 35. Castramourán     |
| 2. Miou              | 19. Porzún         | 36. Nafaría          |
| 3. L'Outeiro         | 20. El Chao        | 37. Paramios         |
| 4. A Forxa           | 21. Beldedo        | 38. A Espía          |
| 5. El Puente         | 22. Vilameitide    | 39. Monticelo        |
| 6. El Folgueiral     | 23. As Cruces      | 40. Restrepo         |
| 7. A Fonte l'Outeiro | 24. Estelo         | 41. Vixande          |
| 8. Tremiado          | 25. Ferreiramón    | 42. A Pumarega       |
| 9. Cereixido         | 26. Veiga de Vilar | 43. Pumarín          |
| 10. Abres            | 27. Montouto       | 44. Molexón          |
| 11. Bustelo          | 28. El Foxo        | 45. Fabal            |
| 12. Refoxos          | 29. Meredo         | 46. As Trabas        |
| 13. Guiar            | 30. Xaraz          | 47. Penzol           |
| 14. A Graña          | 31. Vidal          | 48. El Foxo d'Añides |
| 15. Os Pedreiros     | 32. Vinxói         | 49. Añides           |
| 16. Piantón          | 33. A Cova         | 50. Armeirán         |
| 17. Viladeye         | 34. Folgueiras     | 51. Presno           |

Estes fenómenos podemos repartilos en dous grupos atendendo á distribución que tein nel conceyo: unhos divídenlo en dúas zonas bastante precisas, anque desiguales na estensión; outros fenómenos dividen el conceyo en tres partes: as dos extremos, con solucións encontradas, y unha entremedias, con muitas vacilacións. Vou centrarme, tanto nun grupo como nel outro, nas isoglossen más claras lo mesmo pra os falantes del conceyo que pra cualquera de fora que sinta algúnsa curiosidá por este tipo de cuestións.

Pral grupo primeiro toméin dúas isoglossen: a que marca a líneña entre os que palatalizan el *-n* tras *i* nos finales latinos *-inu*, *-inus*, *-ina*, *-inas*, y os que perden a nasal neses mesmos casos; y outra que marca as diferencias nel uso de formas del artículo y nos alomorfos d'esta categoría.

Pral segundo grupo atópanse muitas menos y, polo regular, son menos definitorias, hasta el punto que poden ás veces pasar desapercibidas pral propio falante. D'entre elas, ademáis da isoglosa *úal/unha*, que presenta unhos límites un tanto especiales, eu destacaría a que separa a zona d'uso das formas analóxicas das etimolóxicas.

#### a.1. Resultado das terminacións latinas *-inu*, *-inus*, *-ina*, *-inas*.

Pra estes casos, el galego dá unhos resultados ben uniformes: a vocal *i* palataliza a consonante nasal que ye sigue y queda entonces *-iño*, *-iños*, *-iña*, *-iñas* (*viciño*, *viciños*, *cuciña*, *cuciñas*). Pol outra parte, el asturiano perde nel masculino singular a vocal final, quedando como resultado *-ín*, mentres que, nel resto dos casos, a terminación consérvase: *-inos*, *-ina*, *-inas* (*molín*, *molinos*, *rapacina*, *rapacinas*).

Nel noso conceyo, as parroquias d'Abres y Guiar asoméñanse nos resultados al galego, con palatalización da consonante nasal (*viciños*, *cuciña*, *toliñas*). Nel masculino singular aparece unha solución que ben podía, a primeira vista, tomarse como anómala pos atopamos el resultado *-ín*, coa pérdida da consonante final y sen palatalización da nasal, de xeito que neses sitios dícese *toucín*, *camín*, *vicín*... Penso qu'este último resultado nun se contradice col galego, senón qu'esta tendencia crúzase con outra, xeneral á mayor parte d'Asturias, qu'é a pérdida da vocal final del masculino, que provoca, como é natural, a despalatalización da nasal.

Nas outras cuatro parroquias, A Veiga, Piantón, Meredo y Paramios, el resultado xeneral é a pérdida da consonante nasal entrevocálica, a nun ser nel masculino singular onde se perde, según lo dito, a vocal final y mantéñese a nasal; así ouguimos *mulín*, *vicíos*, *rapacía*, *rapacías*.

Anque os límites son abondo precisos nun quita pra qu'atopemos algunha palabra que contradice este resultado; así dícese *mulín*, pro tamén *muliñeiro*, *fucín* y *enfuciñar*, *farina* y *fariñento*. Os segundos elementos d'estas parexes tein en común qu'el *i* que provoca a palatalización é átona mentres as dos primeiros é tónica.

Pódese, así pos, falar d'unha coincidencia dos resultados da zona máis occidental d'este conceyo col galego, mentres os da zona centro-oriental son os propios d'unha gran parte da franxa Navia-Eo.

Os límites d'este fenómeno axústanse cos resultados da terminación latina *-enu*, que nas parroquias d'Abres y Guiar perde a vocal entrevocálica (*cheo*, *centeo*, *tarreo*) mentres que nas outras pérdese a vocal final (*chen*, *centén*, *tarrén*) —na Veiga, el resultado de *plenu* vacila entre *cheo* y *chen*, andan as dúas—.



*Resultado das terminacíós latinas -inu, -inus, -ina, -inas.*

■ ■ ■ *-ín, -iños, -iña(s).*

□ *-ín, -íos, -ía(s).*

#### a.2. Paradigmas del artículo.

Contamos nel conceyo con dous paradigmas.

Ún pras cuatro parroquias centro–orientales, que sería:

	singular	plural
masculino	<i>el</i>	<i>os</i>
femenino	<i>a~el</i> <sup>3</sup>	<i>as</i>
neutro		<i>el~lo</i>

Outro pras parroquias máis occidentais, Abres y Guiar, onde el paradigma é como sigue:

	singular	plural
masculino	<i>o</i>	<i>os</i>
femenino	<i>a</i>	<i>as</i>
neutro	<i>o</i>	

Este paradigma coincide col del galego y diferencíase del anterior non sólo nel masculino singular y nel neutro senón tamén na esistencia d'alomorfos (*lo, los, la, las*) qu'usan nestas dúas parroquias, case dafeito, tras el infinitivo, que nestes casos perde el erre final (*rae-lo forno, face-lo pan, recolle-lo trigo, alinda-las vacas*). Tamén se pode atopar, ás veces, detrás d'algúnhas palabras qu'acaban en *-s*, pro xa é un caso menos estendido (*todo-los días; En abellas y en ovellas non meta-lo que teñas*).



*Infinitivo + artículo*

- alomorfos del artículo.
- *-r + artículo*.

<sup>3</sup> El utilizase con sustantivos femeninos cuando empezan por vocal tónica: *el aire, el herba, el outra...*

Con esta isoglosa corre parexa a que separa as formas átonas del pronomé personal de 3<sup>a</sup> persona, en función d'obxeto directo, nas parroquias centro-orientales (*lo, la, los, las*) das mesmas nas parroquias occidentais (*o, a, os, as*): *Nun lo quixiche / Non o quixexe; Sempre las escuitéi / Sempre as escuitéi* (einda máis, tein estas parroquias unhos alomorfos qu'aquelas nun conocen: *Haino embaixo; fainno de noite; hai que roe-lo*<sup>4</sup>).



*Referente del pronomé personal en función d'obxeto directo.*

■ alomorfos tras *-r, -s*.

□ *lo(s), la(s)*.

#### b.1. Distribución das formas analóxicas y etimolóxicas del masculino plural del demonstrativo y de pronomé personal de 3<sup>a</sup> persona.

As parroquias d'Abres y Guiar usan as formas analóxicas col masculino singular *este* → *estes*, *ese* → *eses*, *aquel* → *aqueles*, *él* → *eles*. Tamén é posible atopar estas formas na parroquia da Veiga (A Veiga, Miou, L'Outeiro, A Fonte l'Outeiro, Tremiado, El Folgueiral, Cereixido,

<sup>4</sup>Reprodúzolo con guión pra diferencialo da zona centro-oriental do concêyo (que sería tamén *roelo*) onde *lo* nun é alomorfo; aquí sólo nos atopamos coa pérdida del erre do infinitivo.

Vilameitide, As Cruces, Estelo y Ferreiramión), anque nesta parroquia hai qu'ir á xente veya pra ouguilos con regularidá. Nel outro extremo, na zona suroriental (A Pumarega, Molexón, Penzol, As Trabas, Fabal), sólo escuitamos as formas etimolóxicas: *estos, esos, aquellos, elos*.

Nel medio queda unha zona onde ouguimos ben unhas, ben outras.



*Distribución das formas analóxicas y etimológicas del masculino plural del demostrativo y de pronom personal de 3<sup>a</sup> persona.*

- Área de *estes, esos, aqueles, eles*.
- Área de demostrativos analóxicos y etimológicos.
- Área de *estos, esos, aquellos, elos*.

#### b.2. Formas analóxicas y etimológicas dos posesivos.

Os posesivos tamén opónin a zona occidental (Abres y Guiar), con formas analóxicas coa de primeira persona, *teo(s)*, *seo(s)*, á zona centro-oriental, onde as formas son etimolóxicas: *tou(s)*, *sou(s)*. Queda nel medio unha pequena franxa, d'estensión algo máis pequena qu'a del fenómeno anterior, qu'usa ben unhas, ben as outras: por exemplo A Veiga, Miou, A Quinta

das Paleiras... Pro xa caen pral lado das etimolóxicas As Cruces, Ferreiramión, Estelo y Vilameitide.

As formas del femenino, *miña, miñas / mía, mías*, opónin, outra vez de forma clara, as dúas parroquias occidentais coas centro–orientais.

Así pos, podemos acabar falando de dúas zonas: unha al oeste, as parroquias d'Abres y Guair, que s'asomeña máis al galego qu'el outra, onde entrarían en case todos os fenómenos as cuatro parroquias restantes. Estas dúas zonas penso qu'os falantes del conceyo teinlas abondo claras; os de fora xa é outro cantar.



*Formas analóxicas y etimológicas dos posesivos.*

- Área de *miña, meu, teu, seu.*
- Área de *mía, meu, teu, seu.*
- Área de *mía, meu, tou, sou.*

## BIBLIOGRAFÍA

- Álvarez Blanco, R.: “O artigo en galego. Morfoloxía”, *Verba* 10, 1983, pp. 169–182.
- Carballo Calero, R.: *Gramática elemental del gallego común*, Galaxia, Vigo, 1968.
- Fernández Rei, F.: “Bloques e áreas lingüísticas do galego moderno”, *Grial* 77, 1982, pp. 257–296.
- García Arias, X. Ll.: *Contribución a la Gramática Histórica de la Lengua Asturiana y a la caracterización etimológica de su léxico*, Biblioteca de Filoloxía Asturiana, Uviéu, 1988.
- Gargallo Gil, J. E.: “De fronteras lingüísticas peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades”, *Lletres Asturianes* 57, 1995, pp. 23–40.
- Granda Gutiérrez, G.: “Los diptongos descendentes en el dominio románico leonés”, TDRL II, 1960, pp. 119–173.
- Meilán, A.: “Sobre la forma EL del artículo en gallego–portugués”, *Archivum* XXXI–XXXII, 1981–82, pp. 527–541.
- “Los posesivos en el concejo de Castropol”, *Lletres Asturianes* 4, 1982, pp. 50–54.
- Menéndez García, M.: “Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias”, *BIDEA* XXIV, 1951, pp. 259–275.
- Menéndez Pidal, R.: *El dialecto leonés*, IDEA, Uviéu, 1962.
- Pérez, J. L.: “Observaciones en torno a la desaparición de la –n– intervocálica en gallego”, *Verba* 9, 1982, pp. 201–214.
- Pérez de Castro, J. L.: “Piantón, Paramios y Abres (actual concejo de Vegadeo), según el catastro de Ensenada”, *BIDEA* 87–88, 1972, pp. 583–606.